



ESTRATEGIA GALEGA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

✓ Edulingüe 2030



XUNTA
DE GALICIA



TÁBOA DE CONTIDOS

1. CONTEXTO	3
1.1. Visión	3
1.2. Balance do progreso en Galicia na década 2010-2020	5
2. PRINCIPIOS	8
2.1. Novos retos e como debe contribuír Edulingüe 2030	8
3. GRANDES RETOS	9
4. EIXES	10
5. GRÁFICO DAS LIÑAS DE IMPACTO	11
6. RESUMO GRÁFICO DE EIXES ESTRATÉXICOS E LIÑAS	12
7. LIÑAS DE IMPACTO	14
L.1. Programa integral de extensión e afianzamento do ensino plurilingüe	15
L.2. Compartir para mellorar: Programas de boas prácticas	17
L.3. Titulacións internacionais no sistema educativo galego	19
L.4. Plan de formación e actualización do profesorado para a internacionalización do sistema educativo	20
L.5. Dinámicas de alta especialización de apoio lingüístico	22
L.6. Programa intensivo de certificación e acreditación da competencia lingüística	24
L.7. Programa de inmersión lingüística activa	26
L.8. Accións para a mellora da competencia comunicativa: mobilidades e intercambios	28
L.9. Dixitalización do ensino plurilingüe	30
L.10. Avaliación do impacto dos programas de internacionalización do sistema educativo	32

1. CONTEXTO

1.1. Visión

A importancia da internacionalización do sistema educativo

- ✔ O ensino e aprendizaxe das linguas permite á cidadanía europea desprazarse, traballar e estudar noutros países da Unión Europea, ao mesmo tempo que contribúe a dar impulso ao crecemento, á **creación de emprego** e a unha **comprensión mutua** entre diferentes países e culturas.
- ✔ A lingua inglesa continúa a ser a unha das máis estudadas e a aprendizaxe deste idioma é básica xa que permite **comunicarse** cunha parte moi importante da **poboación mundial**, ao mesmo tempo que aumenta a posibilidade de atopar traballo en calquera país estranxeiro.
- ✔ O **francés** segue sendo un dos idiomas máis estudados no mundo e un dos idiomas de referencia nas Nacións Unidas.
- ✔ O **portugués** é o idioma do noso país veciño ao mesmo tempo que está considerada como a lingua máis importante do hemisferio sur.
- ✔ A **comunicación plurilingüe** constitúe un importante facilitador da **cooperación internacional** e a orde global apoiado pola Unión Europea e as Nacións Unidas.
- ✔ A comunicación en **linguas estranxeiras** é unha das oito **competencias clave** definidas polo Marco Común Europeo.
- ✔ O marco legal das linguas en Galicia está determinado polo Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia que establece que "as **linguas** constitúen un elemento básico de **identidade cultural** e representa un valor fundamental de cohesión dunha comunidade".
- ✔ O mantemento da **singularidade cultural de Galicia** e da súa lingua propia debe ser compatible coa mobilidade do alumnado e do profesorado nun contexto de mobilidade laboral dentro dun espazo internacional de plurilingüismo.



O alumnado deberá acadar unha competencia similar nas linguas cooficiais en cada unha das etapas do sistema educativo. Ademais, poderá afianzar a súa **competencia en linguas estranxeiras** ao poder estar estas presentes como linguas vehiculares en materias non lingüísticas.


Datos da enquisa europea sobre competencias lingüísticas: a enquisa European Survey Language Competences (ESLC) revelou un baixo nivel en linguas estranxeiras:

42%

Do alumnado europeo acada o nivel de usuario independente na 1ª lingua estranxeira

14%

Do alumnado europeo non acada o nivel de usuario básico na 1ª lingua estranxeira



1.2. Balance do progreso en Galicia na década 2010-2020

Na procura da equidade e do acceso de todo o alumnado á competencia comunicativa en linguas estranxeiras, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade puxo en marcha no curso 2010/11 o **Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras**, que foi continuado pola estratexia **EDULINGÜE 2020**.

CENTROS NO PLAN

25% » 75%

O 25% dos centros sostidos con fondos públicos participaban en programas de plurilingüismo en 2010.

No ano 2020, o 75% dos centros sostidos con fondos públicos participan en programas de plurilingüismo.

ALUMNOS/AS

17.000 » 160.000

17.000 alumnas e alumnos galegos contaban cun ensino plurilingüe en 2010 ao abeiro do Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras.

Preto de 160.000 alumnos e alumnas (1 de cada 2) beneficianse da estratexia EDULINGÜE 2020.

CENTROS PLURILINGÜES

58 » 423

Un total de 58 centros educativos formaban parte do modelo plurilingüe da Xunta de Galicia no ano 2010. Esta fórmula -que implica impartir ata un terzo do horario lectivo en lingua estranxeira- comezou a aplicarse no curso 2010/11 para as etapas de educación primaria e secundaria, cunha participación obrigatoria de todo o alumnado.

A partir do curso 2017/18, a Consellería de Educación ampliou o modelo plurilingüe ás etapas de Infantil (Plurininfantil), Bacharelato (Pluribach) e Formación Profesional (PluriFP). No 2020, **423 centros son plurilingües** con **101.536 alumnos e alumnas**.

SECCIÓNS BILINGÜES

1.519 » 4.647

1.519 seccións bilingües en 2010 beneficiaban a 26.386 estudantes, nun total de 294 centros de Galicia.

No 2020 acadáronse **4.647 seccións bilingües** autorizadas, das que se benefician máis de **55.000 alumnos e alumnas**, que cursan de maneira voluntaria materias non lingüísticas que se imparten nunha das linguas cooficiais (galego ou castelán) e nun idioma estranxeiro.

CENTROS CON AUXILIARES DE CONVERSA

61 » 800

61 centros educativos dispoñían da colaboración de auxiliares de conversa no 2010.

En 2020 máis de 800 centros contan co apoio de persoal auxiliar de conversa, o que supón multiplicar por 12 os de 2010.

ENSINANZA ESPECIALIZADA DE IDIOMAS

31 » 41


11 Escolas Oficiais de Idiomas, xunto con 20 seccións, ofertaron os niveis de certificación A2, B1 e B2 no 2010, a través de modalidade presencial e a distancia.

No 2020, 11 Escolas Oficiais de Idiomas e 30 seccións ofertan os niveis de certificación A2, B1, B2, C1 e C2, mediante as modalidades presencial, semipresencial e a distancia.

1/3

PROFESORADO
CERTIFICADO

Multiplicouse o número de docentes con certificación B2 ou superior.



80%

CERTIFICACIÓN ALUMNADO

No ano 2018 iniciáronse as probas de certificación do alumnado e un 80% do alumnado de 4º da ESO, Bacharelato e FP de centros plurilingües que realiza as probas de certificación en lingua estranxeira certifica a súa competencia lingüística nos niveis **B1, B2 e C1**.

O sistema educativo galego garante que o alumnado acade unha competencia comunicativa adecuada en linguas estranxeiras e complete a súa formación cunha ampla oferta de actividades.



GRAO DE SATISFACCIÓN NA ESTRATEXIA EDULINGÜE

- **CENTROS:** O **93% dos centros plurilingües** ou con seccións bilingües móstranse altamente satisfeitos con estes programas.
- **PROFESORADO:** O **98,75% do profesorado** coordinador das persoas auxiliares de conversa móstrase altamente satisfeito co programa.
- O **90% do profesorado** participante en actividades de formación do profesorado valora positivamente a súa participación para o seu desenvolvemento docente.
- **ALUMNADO:** Preto de **2/3 do alumnado galego** participa en programas internacionais.
- En xeral, un **88% do alumnado** móstrase satisfeito coa experiencia nas estadias de inmersión lingüística.
- **FAMILIAS:** O **94% das familias** do alumnado que participa en estadias de inmersión lingüística móstrase satisfeito coa experiencia.
- Alta porcentaxe de **satisfacción das familias que participan nas escolas de nais e pais** asociadas aos programas de plurilingüismo.



Alto grao de satisfacción na comunidade educativa tras a innovación metodolóxica do ensino plurilingüe, que fai posible a integración do alumnado galego na cidadanía global.

2. PRINCIPIOS

2.1. Novos retos e como debe contribuír Edulingüe 2030



APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA (LIFELONG LEARNING)

- ✔ Contacto cunha ou varias linguas estranxeiras de maneira continuada ao longo das diferentes etapas educativas: desde idades temperás e durante a súa formación formal e non formal.
- ✔ Impulso da autoaprendizaxe e promoción da certificación a través do ensino semipresencial nas escolas oficiais de idiomas.



EDUCAR PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E A CIDADANÍA MUNDIAL

- ✔ Fomento das mobilidades de alumnado e profesorado e os irmandamentos entre centros educativos para favorecer a súa internacionalización.



EQUIDADE, INCLUSIÓN E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

- ✔ Ampla oferta formativa para todo o alumnado con estadías en ámbito nacional e internacional durante o período escolar e en período non lectivo.



USAR AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

- ✔ O alumnado percibirá as vantaxes que lle poden proporcionar estas ferramentas no proceso de aprendizaxe de linguas e á hora de poder establecer relacións persoais e profesionais.

3. GRANDES RETOS

1

Promover a mobilidade internacional, a cooperación educativa con outros países e o desenvolvemento de políticas lingüísticas como ferramenta para a **internacionalización educativa**.

2

Fomentar a internacionalización entre o alumnado e as súas familias, como eixe transformador da sociedade, para o enriquecemento e **desenvolvemento persoal, académico e profesional**.

3

Apreciar a diversidade cultural e fomentar no alumnado o interese polos idiomas e a **comunicación intercultural**, a través da aprendizaxe doutras linguas.

4

Acadar habilidades para comunicarse en múltiples idiomas e establecer **relacións internacionais** persoais e profesionais duradeiras.

5

Favorecer a **empregabilidade** e a mobilidade do alumnado ao remate da súa formación académica.

6

Garantir unha **educación inclusiva, equitativa e de calidade** na aprendizaxe e uso das linguas, durante toda a vida, de acordo cos obxectivos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.



4. EIXES

A estratexia concrétase arredor de **2 eixes**:

Eixe 1

Mellorar a competencia comunicativa e a metodoloxía no proceso de ensino-aprendizaxe de linguas.

Eixe 2

Estender e afianzar a internacionalización do sistema educativo para favorecer a cidadanía global.

Para abordar estas prioridades requírense accións coordinadas que actúen sobre:



1. CENTROS EDUCATIVOS



2. ALUMNADO



3. PROFESORADO



4. FAMILIAS E COMUNIDADE EDUCATIVA

PO TEN CIA CIÓN

1. CENTROS EDUCATIVOS: impulsando a innovación nos procesos de ensino e aprendizaxe.


2. ALUMNADO: ofrecendo novas perspectivas e oportunidades con obxecto de mellorar as habilidades interculturais, comunicativas e o uso das novas tecnoloxías.

3. PROFESORADO: contribuíndo á mellora da súa formación e actualización lingüística e metodolóxica.

4. FAMILIAS: fomentando a participación no proceso de ensino-aprendizaxe das linguas estranxeiras.

5. GRÁFICO DAS LIÑAS DE IMPACTO

O sistema educativo galego garante que o alumnado acade unha competencia comunicativa adecuada en linguas estranxeiras e complementa a súa formación cunha ampla oferta de actividades.



6. RESUMO GRÁFICO DE EIXES ESTRATÉXICOS E LIÑAS



XUNTA
DE GALICIA

Liñas de impacto	Prioridades estratéxicas							
	E.1. Mellorar a competencia comunicativa e a metodoloxía no proceso de ensino-aprendizaxe de linguas				E.2. Estender e afianzar a internacionalización do sistema educativo para favorecer a cidadanía global			
	Centros	Alumnado	Profesorado	Comunidade Educativa	Centros	Alumnado	Profesorado	Comunidade educativa
L.1. Programa integral de extensión e afianzamento do ensino plurilingüe	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
L.2. Compartir para mellorar: Programas de boas prácticas	✓		✓					
L.3. Titulacións internacionais no sistema educativo galego					✓	✓		
L.4. Plan Integral de formación e actualización do profesorado para a internacionalización do sistema educativo	✓		✓		✓		✓	
L.5. Dinámicas de alta especialización de apoio lingüístico	✓	✓	✓		✓	✓	✓	
L.6. Programa intensivo de certificación e acreditación da competencia lingüística		✓	✓					
L.7. Programa de inmersión lingüística activa	✓	✓		✓	✓	✓	✓	
L.8. Accións para a mellora da competencia comunicativa: mobilidades e intercambios	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
L.9. Dixitalización do ensino plurilingüe	✓		✓					
L.10. Avaliación do impacto dos programas de internacionalización do sistema educativo	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓

7. LIÑAS DE IMPACTO



XUNTA
DE GALICIA

L.1. Programa integral de extensión e afianzamento do ensino plurilingüe

Despois dos importantes logros acadados coa extensión da ensinanza plurilingüe aos niveis de educación infantil, bacharelato e formación profesional, así como a potenciación das seccións bilingües nos centros sostidos con fondos públicos, procurarase a súa implementación en todos os centros educativos.



O incremento do **capital lingüístico** da nosa poboación e a **eliminación** de **barreiras idiomáticas** que favorezan a igualdade, a cooperación, a cultura e a mellora da riqueza do noso territorio, son principios que temos que desenvolver dende a administración educativa.

A **ensinanza plurilingüe** continuará a súa progresiva incorporación dentro do sistema educativo ata lograr a súa presenza, tanto nas etapas obrigatorias como nas non obrigatorias, co obxectivo de lograr que todos os centros sostidos con fondos públicos participen nesta iniciativa.

A nova realidade na contorna da transformación dixital dos centros educativos e a importante dimensión que se quere acadar, requiren do establecemento dun marco normativo para a axeitada integración das metodoloxías de aprendizaxe e para xerar as dinámicas que permitan un ensino coordinado e conectado en redes de centros plurilingües.

Desenvolveranse accións específicas para:

- **Actualizar o marco normativo das ensinanzas plurilingües** no contexto da internacionalización do sistema educativo.
- Potenciar o incremento do número de sección bilingües.
- Avanzar na incorporación de centros plurilingües:

✓ **Centros Plurilingües** (Educación Primaria e/ou Educación Secundaria)

✓ **Plurinfantil**, Centro Plurilingüe acreditado en Educación Infantil

✓ **PluriBach**, Centro Plurilingüe acreditado en Bacharelato

✓ **PluriFP**, Centro Plurilingüe acreditado en Formación Profesional. **Conversión dos ciclos de grao medio e superior en plurilingües**

- **Estender o plurilingüismo nas ensinanzas de réxime especial** coa creación de:
 - ✓ **PluriArt** (ensinanzas artísticas)
 - ✓ **PluriDep** (ensinanzas deportivas)
- Potenciar a oferta da modalidade **semipresencial** nas **Escolas Oficiais de Idiomas**.
- **Favorecer a transformación dixital** no ensino plurilingüe para adaptar o ensino de linguas ás novas realidades: posibilitar o ensino presencial, mixto e a distancia.
- Elaborar repertorios de contidos dixitais adaptados aos diferentes niveis educativos.
- Establecer redes de traballo entre o alumnado de ensino plurilingüe, favorecendo a participación das familias.


+85%

No ano 2030, máis do 85% dos centros educativos galegos desenvolverán o modelo plurilingüe coa incorporación das ensinanzas de Réxime Especial.

L.2. Compartir para mellorar: Programas de boas prácticas

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade convocou o programa Observa_Acción para o desenvolvemento profesional docente a través da observación, intercambio e a formación, conforme ao que se establece na LOE.

Os **programas de observación e intercambio** de boas prácticas contribúen á identificación de prácticas educativas eficientes e innovadoras no ensino de linguas, como as seguintes:



- 1 O uso de diferentes linguas para comunicarse e aprender (Translanguaging).
- 2 A aprendizaxe integrada de contidos en linguas estranxeiras (AICLE, en inglés CLIL).
- 3 O uso de tecnoloxías dixitais e o desenvolvemento da creatividade para a aprendizaxe de idiomas.
- 4 As accións de mobilidade e cooperación transfronterizas derivadas do programa Erasmus+ 2021-2027.

Estas prácticas serán compartidas a través dun traballo de observación e aprendizaxe, participación conxunta en obradoiros, intercambio de ideas e experiencias e cooperación entre centros educativos. A observación e intercambio implicará para o profesorado unha maior conciencia sobre a propia práctica docente que motivará a reflexión e, por tanto, a mellora do seu labor educativo.

A realización de **prácticas de observación** no ámbito **nacional** e **internacional** desenvolveranse mediante convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e outras entidades.

Desenvolveranse accións específicas para:

- Promover **programas de observación** entre centros educativos no ámbito autonómico, nacional e internacional.
- Facilitar os medios formativos de apoio necesarios para o desenvolvemento dos proxectos de innovación e cambios metodolóxicos na aula.

- Fomentar a observación doutras metodoloxías e o seu **impacto nos procesos de aprendizaxe do alumnado**, potenciando o traballo conxunto entre centros educativos con proxectos comúns e fomentando a reflexión sobre actuacións innovadoras en beneficio do alumnado.
- Proporcionar **contornos de intercambio e colaboración** para a dixitalización dos centros educativos a través da observación docente.
- Desenvolver actividades virtuais e presenciais de observación que conclúan coa elaboración dun produto final como resultado da colaboración.
- Fomentar varias modalidades de **observación, intercambio e transferencia** de boas prácticas:
 - ✓ Actividade Observación e formación individual. (Aula ONE 2 ONE)
 - ✓ Actividade Observación e formación grupal. (Aula TEAM 2 TEACH)
 - ✓ Actividade Observación e formación entre centros. (Aula SCHOOL 4 SCHOOL)

+50%

Nova liña de impacto que permitirá a innovación na internacionalización do sistema educativo galego para acadar que máis do 50% dos centros educativos compartan prácticas docentes.

L.3. Titulacións internacionais no sistema educativo galego

No sistema educativo galego a ensinanza postobrigatoria do bacharelato pode ser cursada no marco de titulacións internacionais ou de programas de dobre titulación:



- ✓ O **Bacharelato Internacional** é un programa educativo que se imparte en tres idiomas: inglés, francés, español. É unha formación de excelencia cunha certificación aceptada a nivel internacional para acceder á formación superior e recoñecida por universidades en todo o mundo. Desenvólvese en dous centros educativos públicos en Galicia, polo que a implantación deste programa en centros de todas as provincias galegas é un compromiso co ensino público e a calidade.
- ✓ O programa de dobre titulación de Bacharelato e Baccalauréat, **Bachibac**, nace a partir do Acordo asinado entre os Gobernos de España e Francia creando unha iniciativa que responde ao dobre propósito de reforzar a ensinanza da lingua e da literatura do outro país e de contribuír á cooperación e á integración europeas. Este programa posibilita ao alumnado acadar, simultaneamente, os dous títulos nacionais ao remate dos estudos secundarios, facilitando tanto en España como en Francia, o acceso ao sistema universitario, á formación profesional e ao mercado laboral. En Galicia xa se experimenta nun centro que imparte este programa de excelencia.

Desenvolveranse accións específicas para:

- Promover a implantación do programa de **Bacharelato Internacional** en **novos centros** educativos públicos galegos.
- Fomentar **encontros e xornadas** de profesorado Bachibac e do Bacharelato Internacional de Galicia con profesorado doutras comunidades autónomas.
- Promover encontros entre profesorado do programa Bachibac de España e de Francia.
- Fomentar unha **distribución territorial equitativa** na oferta do **Bacharelato Internacional** e do programa **Bachibac** para facilitar o acceso de todo o alumnado galego.

x3

Triplificar o número de centros que ofertan titulacións internacionais permitirá maiores oportunidades para o alumnado galego na súa integración na cidadanía global.

L.4. Plan de formación e actualización do profesorado para a internacionalización do sistema educativo

Acadar o obxectivo estratéxico de estender a rede de centros involucrados en programas de plurilingüismo supón dispor de profesorado que conte cunha acreditada competencia comunicativa en linguas estranxeiras e coa competencia metodolóxica específica precisa para o ensino plurilingüe, en concreto formación e experiencia en metodoloxía CLIL. Neste sentido, resulta tamén imprescindible impulsar a creación de equipos docentes especializados en ensino plurilingüe nos centros nas distintas etapas educativas.



O plan de **formación** e **actualización** do **profesorado** para o **ensino plurilingüe** inclúe accións formativas orientadas a avanzar e afondar na metodoloxía específica para o ensino plurilingüe, así como a adquirir competencias dixitais específicas ou habilidades e capacidades profesionais requiridas nas distintas materias ou áreas impartidas en linguas estranxeiras nos centros galegos.

Esta estratexia implica o desenvolvemento de programas de plurilingüismo, así como o **establecemento dun marco de relacións internacionais** a través de mobilidades de alumnado e profesorado e internacionalización dos centros educativos. Un dos recursos necesarios para acadar esta internacionalización do sistema educativo é a formación e actualización do profesorado.

As actuacións para promover a innovación a través da formación específica do profesorado centraranse en:

- Ofertar actividades de **formación do profesorado** relacionadas especificamente cos programas de **plurilingüismo**.
- Promover actividades formativas en ámbitos e temáticas relacionados coa **competencia plurilingüe**.
- Fomentar accións formativas, nos centros educativos, para o perfeccionamento das competencias e capacidades profesionais para as distintas **disciplinas non lingüísticas**.
- Afianzar as liñas específicas de formación en centros educativos para o plurilingüismo e os **programas internacionais**.

- Impulsar **acordos institucionais** con entidades de recoñecido prestixio internacional para a formación do profesorado.
- Mellorar a **atención á diversidade** nas áreas de lingua estranxeira e no ensino CLIL mediante formación específica.
- Dinamizar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación para o ensino plurilingüe e a **formación dixital específica** e apoiar a creación de recursos dixitais na implantación da **metodoloxía CLIL**.
- Promover a **innovación metodolóxica** no ensino plurilingüe para adaptar o ensino de linguas ao ensino presencial, mixto e a distancia.
- Mellorar a **visibilidade** e a **difusión de proxectos** e accións educativas que se realizan en cada centro no eido do plurilingüismo.



Linguas en Acción, o novo plan específico de formación en linguas estranxeiras, será o eixe de impulso para unha maior especialización docente e a internacionalización do sistema educativo.

L.5. Dinámicas de alta especialización de apoio lingüístico

Como apoio aos programas de plurilingüismo, o **Programa de auxiliares de conversa** ten unha acollida excelente na comunidade educativa e demostrou ser un pilar esencial para favorecer a competencia comunicativa do alumnado e do profesorado, así como a internacionalización dos centros educativos.



As persoas auxiliares de conversa son un elemento clave para **achegar a realidade cultural e lingüística** do seu país de orixe ao alumnado galego. As persoas auxiliares levan a cabo un importante servizo complementario para o afondamento na metodoloxía CLIL, ao apoiaren ao profesorado e facilitar as prácticas de conversa en linguas estranxeiras. Representan tamén un auténtico vehículo de achegamento á cultura doutros países, contribuindo a reforzar o labor docente na compoñente de **multiculturalidade**.

Igualmente, o apoio lingüístico pode ser ofrecido por **profesorado estranxeiro** no marco de estadias en Galicia ou de maneira virtual, ao abeiro de acordos institucionais con entidades de recoñecido prestixio internacional.

Coa finalidade de continuar impulsando as dinámicas de alta especialización de apoio lingüístico, as actuacións enfocaranse a:

- **Aumentar a dotación de auxiliares de conversa** para acadar a súa presenza no conxunto de centros educativos plurilingües e centros de todas as etapas educativas participantes nas diversas iniciativas de EDUlingüe 2030.
- Desenvolver **acordos institucionais con entidades de recoñecido prestixio internacional** para que o profesorado doutros países realice un intercambio de boas prácticas e proporcione apoio lingüístico ao profesorado galego.
- **Diversificar as linguas estranxeiras** presentes no sistema educativo galego para incentivar o enriquecemento da diversidade lingüística e cultural e o fomento da interacción internacional.
- Afianzar colaboracións e promover **novos acordos e convenios** con institucións de prestixio internacional para reforzar o proceso de selección e o número de persoas de diversas nacionalidades que se integran nas comunidades educativas de Galicia cada curso.
- Desenvolver a normativa que regula a actividade das persoas auxiliares no marco desta nova estratexia.

- Propiciar a **innovación pedagógica** deseñando, desenvolvendo e afianzando unha formación específica conxunta dirixida ás persoas auxiliares e ao profesorado implicado no programa.
- Potenciar o **aproveitamento pedagógico** das súas estadías nos centros educativos para a mellora da competencia comunicativa do alumnado e do profesorado.
- Desenvolver unha plataforma dixital que permita unha xestión máis eficaz do programa.
- Crear un sistema de **xestión e explotación de datos** para a toma de decisións.
- Poñer en valor o apoio das persoas auxiliares de conversa por parte de toda a comunidade educativa, en particular no ámbito familiar.

100%

O 100% dos centros participantes na estratexia Edulingüe contarán con dinámicas de alta especialización de apoio lingüístico.

L.6. Programa intensivo de certificación e acreditación da competencia lingüística

Desde a elaboración do Plan de Potenciación das Linguas estranxeiras no curso 2010/2011 e a implantación da Estratexia Edulingüe 2020, cada curso produciuse un incremento de centros, alumnado e profesorado participantes, o que mostra a excelente aceptación dos programas de plurilingüismo no sistema educativo galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.



Edulingüe leva implícita a necesidade dunha **adecuada competencia lingüística do profesorado** que participa nas diferentes liñas da estratexia. Esta competencia debe ademais acreditala o profesorado de acordo cos niveis do Marco Europeo Común de Referencia para as linguas. De feito, a orde de centros plurilingües do ano 2011 e a orde de seccións bilingües do mesmo ano esixen un nivel B2 para o profesorado que imparte materias non lingüísticas en lingua estranxeira. Xa que logo, o profesorado debe ter oportunidades para **acreditar o seu dominio en linguas estranxeiras**, principalmente nos niveis B2 e C1.

O alumnado do **programa CUALE**, programa de ensino de linguas estranxeiras nos centros educativos de ensino secundario, impartido por profesorado do centro, fóra do horario lectivo do alumnado, pode acreditar o seu dominio lingüístico mediante as probas das EOI (Escolas Oficiais de Idiomas).

Do mesmo xeito, o **alumnado** que participa na estratexia Edulingüe debe finalizar a súa escolarización cunha **acreditación da súa competencia lingüística en linguas estranxeiras** (niveis B1, B2 ou C1) que facilite o seu acceso a outra formación superior ou ao mercado laboral.

Desenvolveranse accións específicas para potenciar a acreditación da competencia lingüística do profesorado e do alumnado para:

- **Afianzar** os procesos de **certificación a través das EOI**, con preparación específica para o profesorado a través de cursos CALC (Curso de Actualización Lingüística e Comunicativa) e cursos intensivos.
- Estender os procedementos de **certificación do profesorado en lingua estranxeira** a través de entidades de recoñecido prestixio.
- Consolidar os procedementos de **certificación do alumnado en lingua estranxeira**, a través das EOI ou doutras entidades de recoñecido prestixio.

- Actualizar os **itinerarios formativos do programa CUALE** para facilitar a certificación do alumnado a través das EOI.
- Establecer **marcos específicos de colaboración** entre o profesorado de ensino secundario e o profesorado das EOI para que o alumnado do programa CUALE prepare as probas da EOI e certifique o seu dominio lingüístico.
- Ampliar a oferta formativa do programa CUALE a todas as linguas estranxeiras presentes no ensino secundario.

100%

O 100% do alumnado plurilingüe poderá certificar a súa competencia en linguas estranxeiras para mellorar o acceso ao mercado laboral ou á formación superior.

+50%

Máis do 50% do alumnado que finaliza as ensinanzas obrigatorias e postobligatorias non plurilingües poderá certificar a súa competencia en linguas estranxeiras.

L.7. Programa de inmersión lingüística activa

Nun mundo no que cada vez é máis imprescindible a **mobilidade**, a cooperación e o entendemento internacionais, resulta necesario aumentar as oportunidades do noso **alumnado** para entrar en contacto con outras linguas, persoas, culturas e realidades. Estas experiencias proporcionanlle oportunidades de **acceso** a un **mercado laboral** cambiante ao mesmo tempo que contribúen ao seu **desenvolvemento persoal**.



A **inmersión lingüística** resulta esencial para a potenciación da **ciudadanía mundial** que debe estar presente en todos os plans e programas educativos do ensino obrigatorio e postobligatorio, xa que é necesaria para acadar a comprensión internacional e a educación intercultural. Nesta liña, tamén se atende a unha cidadanía que reclama un sistema **educativo moderno, plurilingüe e cosmopolita** que desenvolva todo o **potencial e talento do alumnado**.

Desde hai máis de 15 anos a Consellería de Cultura, Educación e Universidade desenvolveu cada ano programas de **inmersión lingüística activa no estranxeiro e en Galicia**. Os programas de inmersión lingüística constataron ao longo do tempo a súa eficacia na mellora global da capacitación e autonomía do alumnado e a súa preparación para un horizonte máis globalizado, multicultural e plurilingüe. O programa de **inmersión lingüística activa** estimula a **práctica oral** da lingua estranxeira en contornos comunicativos máis amplos que os que permite o ámbito escolar. Con este programa, contribúese, ademais de a promover obxectivos estritamente lingüísticos, outros obxectivos de **carácter intercultural e social**.

Impulsaranse os programas de inmersión lingüística activa do alumnado para:

- Afianzar as **actividades de inmersión lingüística** para o alumnado e promover novas convocatorias en diferentes períodos do ano.
- Promover **estadías de inmersión lingüística de alumnado** no ámbito **autonómico e / ou nacional** durante o curso académico e no período estival.
- Afianzar estadías de inmersión lingüística e cultural do alumnado, no **ámbito europeo e internacional**.
- **Ampliar os países** cos que se levan a cabo as estadías lingüísticas e culturais do alumnado.

- Consolidar **estadías de integración** para o **alumnado** no ámbito internacional.
- Promover estadías de integración de media e longa duración para o alumnado.



A maior oferta de estadías de inmersión lingüística e cultural permitirá a formación integral do alumnado para o seu enriquecemento e desenvolvemento persoal, académico e profesional.

L.8. Accións para a mellora da competencia comunicativa: mobilidades e intercambios

As **mobilidades e intercambios de alumnado e profesorado** inciden directamente na mellora da súa competencia comunicativa ao tempo que favorecen a internacionalización do sistema educativo.

A educación para o **desenvolvemento sostible e a cidadanía mundial**, así como a **igualdade de oportunidades** requiren un incremento na oferta de mobilidades e intercambios no noso sistema educativo.



A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, consciente da importancia da aprendizaxe das linguas estranxeiras para os cidadáns e cidadás da nosa Comunidade Autónoma e da preocupación que, neste sentido, se manifesta desde todos os ámbitos sociais, promove e convoca diversos plans e actuacións, no marco da Estratexia Edulingüe. Todas estas accións requiren para a súa óptima implantación dun **profesorado actualizado** e cun adecuado nivel de **competencia comunicativa en linguas estranxeiras**.

Esta consellería vén convocando desde o ano 1997, **actividades formativas no estranxeiro** para o **profesorado**, co obxecto de fomentar a actualización metodolóxica e a mellora do seu nivel de competencia en comunicación lingüística en linguas estranxeiras, a través do contacto directo con persoas dos países de fala inglesa, francesa, alemá e portuguesa. Inicialmente, desenvolveuse coa convocatoria de actividades formativas no estranxeiro e, posteriormente, co **programa PIALE** (Programa Integral de Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras).

Igualmente, a convocatoria de **licenzas por formación** veu ofrecendo oportunidades de mobilidades dirixidas, preferentemente, ao profesorado non especialista en lingua estranxeira de ensino primario e secundario que acredítase como mínimo o nivel B2 en lingua estranxeira e, así, perfeccionar o seu dominio e poder acreditar un nivel superior.

Así mesmo, no marco das **accións Erasmus+**, a consellería apoia proxectos dos centros educativos que ofrecen mobilidades ao profesorado para mellorar a súa práctica educativa e ampliar o seu dominio lingüístico.

Do mesmo xeito, a promoción dos **intercambios presencias e en liña entre alumnado** de centros educativos galegos e outros centros educativos do estranxeiro permite favorecer a convivencia e proporcionar o acceso a novas oportunidades de enriquecemento e crecemento persoal e profesional. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade puxo en marcha o programa **EduExchanges**, de intercambio de alumnado entre centros

escolares galegos e centros do estranxeiro, co fin de que o alumnado mellore a súa competencia lingüística en linguas estranxeiras.

Desenvolveranse accións específicas para a mellora da competencia comunicativa co fin de:

- Consolidar **intercambios presenciais de alumnado** no ámbito internacional.
- Desenvolver **intercambios virtuais de alumnado** no ámbito internacional, atendendo a criterios de sostibilidade e responsabilidade medioambiental, así como por razóns de benestar e atracción de recursos ao rural.
- Impulsar as **mobilidades de profesorado** a través de accións e programas desta Consellería para mellorar a competencia lingüística.
- Reforzar as mobilidades de profesorado a través de accións e programas desta Consellería para fomentar a **innovación metodolóxica**.
- Afianzar liñas de formación individual do **profesorado** mediante **estadías no estranxeiro** durante o período lectivo.
- Consolidar **mobilidades de profesorado** a través de accións de programas internacionais.
- Fomentar intercambios entre profesionais e centros no marco do proceso de internacionalización no ámbito europeo e internacional.
- Promover a **transformación dos centros educativos** a través da **cooperación internacional**, programas **Erasmus+ 2021-2027**, eTwinning.




O afianzamiento das mobilidades do profesorado e a súa integración noutros sistemas educativos fomentará a innovación metodolóxica e a internacionalización do sistema educativo galego.



A ampliación dos intercambios presenciais e virtuais de alumnado, a través de accións, acordos ou programas, transformarase en oportunidades persoais e de empregabilidade.

L.9. Dixitalización do ensino plurilingüe

O potencial das **ferramentas dixitais** na mellora do **ensino e aprendizaxe das linguas estranxeiras** é innegable. A tecnoloxía ofrece múltiples oportunidades para a exposición á lingua estranxeira do alumnado e o profesorado. Debido ao rápido ritmo do cambio tecnolóxico, estanse desenvolvendo **enfoques e estratexias de ensino innovadores** para integrar con éxito as tecnoloxías no ensino de idiomas co fin de **aumentar as competencias lingüísticas do alumnado**, así como a **formación metodolóxica do profesorado**.



A Comunidade Autónoma de Galicia desenvolveu por medio do **Proxecto Abalar** desde o curso 2010/11 un proceso de incorporación das novas tecnoloxías ao sistema educativo en todos os seus ámbitos, proceso entroncado na estratexia xeral de incorporación de Galicia á Sociedade da Información e do Coñecemento e nos seus programas transversais de desenvolvemento e promoción das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

O proxecto de **Educación Dixital (E-Dixgal)** comezou de xeito experimental no curso 2014/15 coa intención de proporcionar aos centros educativos dentro do Proxecto Abalar unha proposta integral para facilitar o desenvolvemento de proxectos de educación dixital, mediante a incorporación de materiais dixitais en **5º e 6º de educación primaria e en 1º e 2º da ESO**. En aras de garantir a continuidade do proxecto na etapa de ensino secundario obrigatorio, e ante a demanda xeneralizada do alumnado e dos centros participantes no proxecto, a iniciativa **esténdese aos cursos de 3º e 4º de ESO** no ano 2021.

Nesta liña, os centros educativos desenvolverán o seu **Plan Dixital de centro** para a mellora da **competencia dixital da comunidade educativa**, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe e a **transformación dos centros** en organizacións educativas dixitalmente competentes. Como opción para complementar o proxecto educativo dixital dos centros, séguese a traballar constantemente na ampliación do repositorio de contidos do espazoAbalar, que supera os 1674 recursos.

As actuacións en materia de dixitalización do ensino plurilingüe centraranse en:

- Promover que a comunidade educativa estableza as modificacións pedagóxicas, organizativas e metodolóxicas precisas para a **transformación do proceso de ensino-aprendizaxe**, desde unha perspectiva global e integradora, co fin de acadar o éxito educativo de todo alumnado.
- Promover a innovación dos centros educativos a través da **creación de contidos dixitais** para a **potenciación das linguas estranxeiras**.

- Potenciar a integración da educación dixital en **contextos mixtos de ensino-aprendizaxe** (presencial, semipresencial e a distancia) contribuíndo a **atallar a fenda dixital** desde o contexto das linguas estranxeiras.
- Fomentar a creación e desenvolvemento de contidos dixitais educativos en linguas estranxeiras, para **fins específicos no ámbito da formación profesional**.
- Elaborar **contidos educativos innovadores** en linguas estranxeiras asociados ao desenvolvemento curricular de áreas, materias e módulos lingüísticos e non lingüísticos.
- Favorecer a creación de **redes galegas de colaboración educativas** similares a eTwinning coa creación dun espazo para compartir experiencias educativas galegas equivalente a TwinSpace.
- Impulsar a autoaprendizaxe e promoción da certificación a través do ensino semipresencial nas escolas oficiais de idiomas.
- Difundir entre as **familias** e toda a comunidade educativa os **recursos dixitais en linguas estranxeiras** que redunden na formación nestas linguas fóra do contexto escolar.



A dinamización dos contornos dixitais de aprendizaxe fomentará a autonomía persoal e profesional no ámbito das linguas estranxeiras na procura dunha cidadanía dixital plena.

L.10. Avaliación do impacto dos programas de internacionalización do sistema educativo

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade implantou de xeito experimental os **centros plurilingües en Galicia** durante o curso 2010-2011, como parte do proceso de fomento da diversidade lingüística e cultural da súa política educativa e do que forman parte programas como a Anticipación da Primeira Lingua Estranxeira, os **Cursos para a formación complementaria de aprendizaxe de linguas estranxeiras** ou o Programa de **Seccións Bilingües**. Esta implantación experimental permitiu, por unha banda, incrementar a presenza da lingua estranxeira como lingua vehicular mediante a aplicación do disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e, pola outra, favorecer a transferencia entre as linguas que se imparten nos centros educativos galegos, tanto nas destrezas comunicativas como nas destrezas académicas, mediante a concreción de medidas tendentes á impartición dun **currículo integrado das linguas no proxecto lingüístico de centro**.



A estratexia Edulingüe 2030 desenvolverá unha **análise detallada do impacto destes programas de internacionalización no sistema educativo** que determinará a toma de decisións, así como a continuidade ou modificación dos plans, programas e proxectos.

As accións específicas para a correspondente avaliación centraranse en:

- Crear un sistema de **xestión e explotación de datos para a toma de decisións**.
- Implantar a xestión e explotación de datos para favorecer a creación de redes de centros con proxectos de internacionalización.
- Desenvolver **premios e proxectos para avaliar a traxectoria e proxección internacional** dos centros educativos e do profesorado.
- Avaliar cuantitativamente o **alumnado** que **certifica** o seu dominio en lingua estranxeira ao rematar a etapa educativa obrigatoria ou postobrigatoria.
- Avaliar cuantitativamente o **profesorado** que **certifica** o seu dominio en linguas estranxeiras.

- Avaliar cualitativamente a **satisfacción do alumnado** participante en **mobilidades e intercambios**.
- Avaliar cualitativamente a **satisfacción do profesorado** participante en **mobilidades**.
- Avaliar cualitativamente a **satisfacción do profesorado** participante en **actividades de observación**.
- Avaliar o **impacto cuantitativo** dos programas de internacionalización **nos centros educativos**.
- Avaliar o **impacto cualitativo** dos programas de internacionalización **nos centros educativos**.



A avaliación da estratexia a través da xestión e explotación de datos determinará a toma de decisións, así como a continuidade ou modificación dos plans, programas e proxectos, no proceso de internacionalización dos centros educativos.



XUNTA
DE GALICIA